



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística

EN GALEGO, AGORA E SEMPRE

DECLARACIÓN PARA RESTAURAR A MEMORIA LINGÜÍSTICA

En Compostela, na igrexa de San Domingos de Bonaval, o día 23 de outubro de 2013

COMPARECEN:

- D. Xoaquín Monteagudo Romero, presidente da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia
- Don Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística.
- D. Pedro Puy Fraga, Deputado do Partido Popular no Parlamento de Galicia
- D^a. Iolanda Otero Barroso, Secretaria de Política Lingüística do PSdeG-PSOE
- D. Xavier Vence Deza, Voceiro nacional do BNG
- D^a. Mar Blanco Casais, Secretaria de Política Lingüística de Anova
- D^a. Sofía Díaz Gómez, da Comisión Executiva de Esquerda Unida
- D^a. María Xosé Alfonso Torres, da Comisión Executiva de Compromiso por Galicia
- D. Roberto García González, Secretario Xeral de Unións Agrarias
- D. Francisco Miño Ricoi, da Executiva da Central Unitaria de Traballadores
- D. José Carlos Rodríguez do Río, da Comisión Executiva da UGT
- D. Ramiro Oubiña Parracho, da Comisión Executiva da CIG
- D. Juan Granados Llanos, da Central Sindical Comisións Obreiras.

E EXPOÑEN:

1. Un dos lugares onde é máis evidente a desmemoria lingüística de Galicia son os cemiterios. Por incomprensible que pareza, as parroquias dos mortos non falan a mesma lingua cás dos vivos. As lápidas ou campas dos camposantos galegos son expoñentes da renuncia dos galegos ao seu idioma: prefiren lembrar aos seus defuntos noutra lingua diferente da que falan no ámbito familiar. Esta actitude puido ter xustificación noutras épocas polo comportamento lingüístico da Igrexa galega, mais hoxe en día carece de sentido. No marco dun Estado democrático e do recoñecemento da autonomía política de Galicia, a liberdade lingüística establecida pola lexislación vixente debería levar ao uso normal do noso idioma nos actos e monumentos funerarios.
2. Pero o certo é que só unha minoría consciente exerce a galeguidade nese recuncho da vida familiar. Os datos son elocuentes: somente unha de cada mil lápidas está escrita en galego e un dous por cento das notas necrolóxicas que se publican, está redactada no noso idioma. Para explicar esta situación adóitase recorrer á ocorrencia de que neses momentos tristes ninguén está para reparar no problema da lingua, pero ese argumento carece de fundamento lóxico, cómpre que reaccionemos perante esa anomalía e que mudemos vellos hábitos lingüísticos herdados que constitúen un atranco para a normalización do galego. A lingua galega é o signo máis preclaro da nosa identidade. Este debe permanecer vivo nos ámbitos onde mora a memoria colectiva e os cemiterios son uns singulares espazos de recordo. Sen embargo, trátase dun recordo distorsionado como un espello cóncavo que deforma a lembranza dos nosos antepasados. Restaurar a súa nidieza é unha necesidade urxente.

Por todo iso, os comparecentes, conscientes da súa responsabilidade perante o pobo galego.

DECLARAN

1. Neste eido é esencial o papel das corporacións locais do país que, como entidades máis próximas aos cidadáns, teñen a obriga legal de removeren os atrancos para que o principio da oficialidade do galego sexa real e efectivo. A elas incúmbelles a tarefa de artellaren unha pedagogía social que traslade á cidadanía a importancia da defensa dos nosos valores patrimoniais.

2. Os movementos políticos e cívicos que artellan a sociedade galega como son os partidos políticos, sindicatos, asociacións de veciños e entidades culturais e deportivas, deben ser promotores dos valores da igualdade, da liberdade, do pluralismo e da defensa da cultura propia de Galicia, polo que cómpre que asuman como propia a normalización do uso do galego nun eido tan senlleiro como o que nos ocupa. Para iso nada hai máis eficaz que divulgar e promover entre os seus membros, afiliados e socios os valores desta declaración para que actúen en consoancia con eles.
3. Os partidos políticos e sindicatos asinantes asumen o compromiso de celebrar todos os anos, o día 23 de outubro, como o Día da Restauración da Memoria Lingüística de Galicia programando e convocando actos de sensibilización para crear un estado de opinión favorable ao proceso de inculturización dos actos fúnebres.
4. Os partidos políticos e sindicatos asinantes instan ás corporacións locais e movementos cívicos, e eles, a través dos seus afiliados e representantes institucionais, a promoveren actos nos que se programen algunhas destas propostas:

a) Colocar unha placa na porta dos cemiterios cunha lenda igual ou similar a esta:

Na memoria de todos os que aquí xacen, porque grazas a eles Galicia segue a ter cultura e lingua de seu. Novembro, 2013.

b) Substituír a campa ou lápida en castelán por outra en galego dunha persoa senlleira da parroquia, coa autorización dos seus familiares.

c) Organizar un acto musical-literario ao pé do camposanto con oradores que desenvolvan o discurso da pedagogía galeguizadora.

d) Organizar un acto público de sinatura da acta de vontade coa participación dos veciños cunha declaración do teor:

O galego é a miña lingua, a lingua do pobo ao que pertenzo e a que quero que me acompañe deica a morte.

Chegada a hora do meu pasamento, desexo que todos os actos relativos ao meu funeral e enterro se desenvolvan en lingua galega e polo tanto pídolles aos meus familiares, ás autoridades relixiosas e civís e aos servizos funerarios que actúen con respecto a esa vontade.

Que, se terceiras persoas, sexan da miña familia ou autoridades relixiosas e civís, tentasen impedir a realización desta miña derradeira vontade, pido a calquera outro familiar, ou amigo que tivese coñecemento deste meu desexo que tome todas as medidas para facelo cumprir e, en caso de absoluta imposibilidade, que faga que se me enterre en silencio.

Esta acta será asinada en acto público e solemne presidido polo Alcalde do Concello e outras persoas que actuarán de notarios. Días despois daráselles cadansúa copia aos asinantes.

En confirmade, asinan a presente Declaración.

A collection of handwritten signatures in black ink. The signatures are arranged in several rows. The top row contains two signatures, one of which is the name 'Luis'. The second row contains two more signatures. The third row has three signatures, including one that appears to be 'Pedro Fy R'. The fourth row contains three signatures, with the first one being 'Man B. Casas'. The fifth row features four signatures, including one that looks like 'Jose M. L. L.'. The signatures are varied in style, some being more legible than others.